

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 11 DE MAIO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día once de maio deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión a Letrada Asesora, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, en substitución do Secretario Xeral do Pleno, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 4 de maio de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación para taller de reparación do automóbil, nas especialidades de mecánica e electricidade, e de licenza de obra de ampliación en fondo da nave construída con licenza 678/89, sita na rúa da Agricultura, número 47.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a desestimación da petición de silencio administrativo positivo na solicitude representada para parcelamento da parcela matriz sita na rúa da Industria.

Tamén se acorda excepciónar do cumprimento das condicións nhv-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo decreto 29/2010, do 4 de marzo, as seguintes condicións: I.B.3.1.2. ámbito interior, I.B.3.1.3 áreas de acceso a ascensores e escaleiras, I.B.3.2.1 escaleiras, I.B.3.3. espazos de comunicación e I.B.3.4, ascensores, condicionado á disposición das medidas complementarias de mellora da seguridade en caso de incendio sinaladas: extintores en plantas alternas, iluminación de emerxencia e portas de

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refº: 11extractoxg22.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2011

acceso ás vivendas RF-60), para a actuación de instalación de ascensor no edificio sito na rúa Montirón, número 10.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para as obras que a continuación se describen: rúa mondoñedo, números 46-48, construción de tres sotos para garaxe aparcadoiro e rochos, e instalacións, con acceso e rampla común a ambos os dous edificios, rúa mondoñedo, número 46, planta baixa para accesos (garaxe, portal e entresollado) e tres locais, entresollado para rochos e dous locais e cinco plantas altas, e aproveitamento baixo cuberta para vivendas, total 21 vivendas; rúa Mondoñedo, número 48, esquina rúa Lamas de Prado, planta baixa para acceso e locais sen uso definido, entresollado para local sen uso definido vinculado a local 1 de planta baixa, e cinco plantas altas para vinte vivendas con aproveitamento baixo cuberta para uso de vivenda vinculada á planta inferior e rochos; para redistribución interior do edificio para adaptación ás normas nhv de habitabilidade de Galicia, aumentando o número de vivendas de 4 a 6 no edificio con licenza de obras número 200/2011, sito no Camiño Real, número 48; para cambio de cuberta no edificio existente de uso salas de reunión: restaurante, sito na rúa Cidade de Vigo, número 1; para instalación de ascensor no edificio sito na rúa Xermán Alonso Hortas, número 18; para modificacións no edificio con licenza de obra número 1064/09, sito na avda. García Portela, número 9, rúa Armando Durán; para reforma de vivenda unifamiliar con licenza de obras número 942/06, sita na rúa Cántigas e Frores, número 15, parcela 1-3, polígono Augas Férreas; para instalación de ascensor no edificio sito na rúa Poeta Noriega Varela, número 22, a nome da comunidade de propietarios da rúa Poeta Noriega Varela, número 22; para reestruturación total, por cambio no programa de usos, de edificio composto de planta baixa para local comercial e 2 plantas altas, e aproveitamento baixo cuberta para 3 vivendas, en solo urbano, na praza Pío XII, número 9 e para legalización de modificacións na planta baixa e soto 1 do edificio con licenza número 1021/07, sito na rúa Orquídea, rúa Aquilino Iglesias Alvareño e rúa de nova apertura, polígono 1 do plan de sectorización do sector N-H.

2. PLANEAMENTO.- Aprobase a encomenda de xestión a EVISLUSA do traballo de toma de datos necesarios para a modificación de diversas determinacións do Plan Especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia (PEPRI).

3. XESTIÓN.- Acórdase a declaración de ruína urbanística no expediente contradictorio de ruína dos inmobles números 19 e 21 da estrada da Coruña.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

4. PERSOAL.- Acórdase adialo expediente relativo o informe do servizo de persoal acerca dos escritos presentados por funcionarios da Policía Local sobre persoal municipal que desenvolve outra actividade, para un mellor estudo.

Acórdase a aprobación de bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de Analista Programador/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal.

Acórdase a aprobación de bases que rexerán o concurso para a provisión de postos de traballo de Auxiliar Administrativo/a no Excmo. Concello de Lugo.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aceptación da cesión de terreo feita pola Excma. Deputación Provincial de Lugo para a conexión da N-VI coa unidade de actuación N-1 e N-2.

Acórdase a aprobación do proxecto e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación das obras de rexeneración de firmes en diversas parroquias da zona rural – exercicio 2011 e a apertura do procedemento de adxudicación.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación da obra de reurbanización da rúa Monte Pico Sacro e a apertura do procedemento de adxudicación.

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

6. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a aprobación da encomenda de xestión do Concello de Lugo á “Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (Evislusa)” da subvención para a mellora da accesibilidade e habitabilidade de vivendas de persoas dependentes-exercicio económico 2011.

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refº: 11extractoxg22.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2011

Tamén se acorda aprobación da encomenda de xestión do Concello de Lugo á “Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (Evislusa)” da subvención para alugamento de vivendas en lugo- exercicio económico 2011.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Aprobase a encomenda de xestión a Evislusa das actuacións recollidas no Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Lugo para a tramitación de expedientes de rehabilitación e financiamento dos gastos de mantemento das oficinas municipais de rehabilitación- portelos únicos de información e xestión do plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012 e doutras actuacións das políticas de vivenda.
- Acórdase a aprobación do proxecto e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación da obra de rexeneración de pavimentos en Garaballa de Abaixo e a apertura do procedemento de adxudicación.
- Acórdase a Delegación de competencia na Tenenta de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego para a resolución de tódolos actos de trámite e resolutivos en relación co procedemento de licitación para a autorización de instalación de restaurantes e postos de elaboración de comidas no Arde Lucus 2011.

Lugo, 12 de maio de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García